

NORMATIVA DE USO DOS PORTÁTILES

1. Os portátiles estarán **etiquetados** cun número, posto na asa, e sempre terán o mesmo sitio no carro (este sitio terá o número do ordenador correspondente). **Cada neno/a terá asignado un equipo** que coincidirá co seu número de lista de clase, e sempre deberá coller o mesmo e deixalo onde o colleu. Acudirase a coller o equipo cando os mestres digan, por orden de nº de lista e de un en un.
2. O/A mestre/a será o/a encargado/a de desconectar a alimentación de corrente dos portátiles antes de collelos.
3. Antes de coller o portátil os alumnos deixarán as **mesas libres** de todo obstáculo, agás cando o mestre indique o contrario.
4. Sempre se collerá o portátil cas **dúas mans** e perfectamente limpas.
5. O alumno non acenderá o portátil ata **recibir a orde** expresa do mestre.
6. Non se deberá poñer **ningún obxecto** enriba dos equipos.
7. **Non se comerá nin beberá** cando se estean a utilizar os equipos.
8. Durante o tempo de recreo os equipos quedarán depositados no seu lugar correspondente do carro, salvo indicación expresa do mestre.
9. Na pantalla **non se pode tocar** con ningún obxecto, salvo co punteiro destinado para tal fin.
10. Cando o profesor proceda a explicar, **as pantallas deben estar baixadas**.
11. Cada alumno **é responsable** do correcto mantemento do escritorio, carpetas, arquivos, traballos realizados nel e de apagar correctamente o equipo.
13. Os alumnos devolverán o equipo ao **mestre quen os conectará ao cargador**. Irán polo mesmo orden que para a recollida.
14. Ante calquera **incidencia** nos equipos é responsabilidade do alumno **avisar** ao mestre presente. O mestre cubrirá un parte individual de incidencias que estará na páxina web do centro (Profesorado>Aulas Abalar) e procederá a retirar o equipo. O alumno seguirá a clase por un compañeiro. O final do día pasarase o parte ao coordinador abalar.
15. Ante unha incidencia o coordinador abalar verificará o problema do equipo e decidirá a quen lle compete o seu arranxo.
- 16. Baixo ningún concepto os ordenadores saíran das aulas.**
17. Non se utilizará a **webcam** salvo expresa indicación do profesor.
18. Os alumnos e alumnas precisarán de cascos e un pendrive que se gardarán nunha bolsa de tela colgada dos seus pupitres.
19. Calquera mal uso ou desperfecto intencionado dun equipo ou de calquera outro será responsabilidade dos pais/nais do alumno.
20. Ante o incumprimento das normas fixadas privarase ao alumno do material durante o tempo estipulado.

NORMATIVA DE USO DO ENCERADO DIXITAL INTERACTIVO

1. O EDI será conectado polo primeiro mestre que utilice a clase cada día, acendendo tamén o canón de vídeo.
2. O rotulador do encerado gardarase no caixón do armario de carga xunto co mando do canón de vídeo.
3. Non se pode utilizar outro rotulador neste encerado que non sexa específico.
4. Utilizarase cas mans limpas.
5. O último mestre en empregar os recursos tecnolóxicos será o empregado de apagar o canón e de gardar o rotulador, o mando do canón e recollida de cables.